



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES, PROGRAMAS E SERVIZOS DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA DA CONFEDERACIÓN COGAMI NO ANO 2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2020. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase COGAMI dende o 1 de xaneiro de 2020 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia do mantemento de COGAMI e das súas entidades así como das actividades que conleva o servizo que COGAMI ten previsto desenvolver durante o ano 2020.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, COGAMI aparece expresamente reflectido no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2020 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración con COGAMI para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de COGAMI .

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase dixitalmente en Santiago de Compostela

